



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

ACTA Nº 7/2019

SESIÓN DE CONSTITUCIÓN DO NOVO CONCELLO E ELECCIÓN DE ALCALDE, CELEBRADA O 15 DE XUÑO DE 2019

Asistentes:

Concelleiros/as electos/as

<u>Relación alfabética</u>	<u>Lista electoral</u>
Abal Valverde Carlos Javier	(PP)
Albores Miguez Javier	(PP)
Alonso Valverde Ladislao	(PSdeG-PSOE)
Diego Travieso Patricia	(PSdeG-PSOE)
Dosil Valverde Cristina	(PSdeG-PSOE)
García Moreira Diego	(PSdeG-PSOE)
Giraldez Armas Raquel	(PSdeG-PSOE)
Gonzalez Perez Juan Antonio	(PSdeG-PSOE)
Lorenzo Lopez Nuria	(PSdeG-PSOE)
Mayan Areal Maria Esperanza	(PSdeG-PSOE)
Peixoto Iglesias Bibiana	(PSdeG-PSOE)
Pereira Sanroman Alvaro	(PP)
Pino Fernandez Maria Jose	(PP)
Rial Sanchez Ruben	(PSdeG-PSOE)
Sanroman Roman Jose Luis	(PSdeG-PSOE)
Vazquez Perez Alfonso	(PSdeG-PSOE)
Vidal Lorenzo Marina	(PSdeG-PSOE)

Outros asistentes:

Interventor: D. Modesto Solla Sanz
Secretario: D. Julio-César Doallo Álvarez

No Salón de Actos do edificio anexo á Casa Consistorial (Auditorio) de Nigrán, ás doce horas do día 15 de xuño de 2019, de conformidade co disposto nos artigos 195 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime electoral xeral (LOREG), e o 37.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), reuníronse, co obxecto de celebrar a sesión pública de constitución do Concello e elección de Alcalde, os/as Sres/Sras. Concelleiros/as electos/as nas eleccións municipais celebradas o 26 de maio de 2019 que ao principio se relacionan, os dezasete que integrarán a Corporación.

CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE

Segundo dispón o art. 195.2 da LOREG, e o artigo 37.2 do ROF, procédese á constitución da Mesa de Idade, quedando integrada por:





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

- *D. Alfonso Vázquez Pérez*, concelleiro asistente de maior idade.
- *D. Diego García Moreira*, concelleiro asistente de menor idade.
- Secretario: *Julio-César Doallo Álvarez*, o da Corporación.

COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS E CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN

Obran en poder da Mesa as credenciais dos electos, expeditas pola Xunta Electoral de Zona de Vigo, coincidentes coa relación que figura na acta de proclamación remitida pola mesma Xunta Electoral. Procédese ao chamamento dos dezasete acreditados e, previo cumprimento do requisito legal de prestar xuramento ou promesa por cada un deles de cumprir fielmente as obrigacións do cargo con lealdade a El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como Norma Fundamental do Estado, segundo dispón o artigo 108.8 da LOREG, **a Mesa, concorrendo a maioría absoluta dos electos, declara constituída a Corporación Municipal,**

ELECCIÓN DE ALCALDE

O art. 196 da LOREG, determina que a elección de Alcalde se realice mediante o seguinte procedemento:

- Poden ser candidatos todos Concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas.
- Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos/as Concelleiros/as é proclamado electo.
- Se ningún deles obtén dita maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivese maior número de votos populares no Municipio.

Candidatos á Alcaldía.- Dos dous Concelleiros que encabezan as listas que obtiveron representación, unicamente presenta a súa candidatura á Alcaldía *D. Juan Antonio González Pérez* (PSdeG-PSOE), mentres *D. Carlos Javier Abal Valverde* (PP), non se postula como candidato.

Elección de Alcalde.- Efectuada votación ordinaria para a elección de Alcalde, obtívose o seguinte resultado:

Candidato (lista electoral)	Votos obtidos:	
	En letra	En número.
<i>D. Juan Antonio González Pérez</i> (PSdeG-PSOE)	Trece	13

O candidato á Alcaldía recibiu o apoio dos/as Concelleiros/as integrantes da súa lista electoral, o que supón a maioría absoluta dos votos dos/as Concelleiros/as que integran a Corporación, polo que *D. Juan Antonio González Pérez* queda proclamado como Alcalde de Nigrán.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

TOMA DE POSESIÓN

A continuación, conforme ao disposto nos artigos 18 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e 108.8 da LOREG, o Alcalde proclamado, promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigacións do cargo de Alcalde do Concello de Nigrán, con lealdade a El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado; e pasa a ocupar a Presidencia.

Intervencións.

D. Juan Antonio González Pérez, novo Alcalde, toma a palabra para sinalar que hai catro anos empezaron unha etapa na que se propuxeron gobernar dun xeito diferente, que levase á xente a confiar neles. Tanto o equipo de goberno como os seus directos colaboradores estaban convencidos de que podían facelo, sendo conscientes de que tiñan que prestar especial atención á xente que máis o necesitaba. Pensa que o conseguiron á vista do apoio recibido. Confía en que esta forma de concibir a política se reforce nos próximos catros anos. Afronta a nova etapa aínda con máis responsabilidade. Saben que teñen que manterse na mesma senda de proximidade e amabilidade. O equipo medra agora coa incorporación de novos membros, que non escatimarán esforzos para non defraudar. Dálles as grazas a eles e, sobre todo, ao pobo de Nigrán pola confianza depositada.

--

Ás doce horas e vinte e nove minutos, o Sr. Alcalde-Presidente deu por finalizado o acto, levantando a sesión. Déixase constancia de que entre a documentación da sesión se atopa copia da acta de arqueo desta data, así como do informe da Secretaría sobre a inexistencia de inventario actualizado do patrimonio da Corporación. Do que, como Secretario, dou fe.

